

Vázquez e Ricardo Garrido Garrido, en representación da sociedade *Proincasaor, S.L.*

Este anuncio suple as circunstancias que poidan concorrer no disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Ourense, 13 de maio de 2008.

Francisco Rodríguez Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DE RIBADEO

Anuncio.

O Concello Pleno, en sesión que tivo lugar o día 19 de maio de 2008, acordou aprobar inicialmente a inclusión do anexo ao proxecto de recuperación efectiva da servidume de tránsito e execución de edificio de servizos e sendeiro entre as praias dos Castros e As Illas, T.M. de Ribadeo no Plan de obras municipal do ano 2008, someténdose este acordo a información pública durante un prazo de 15 días hábiles, período durante o que as persoas interesadas poderán examinar o expediente nas oficinas municipais e presentar, se é o caso, as alegacións que consideren oportunas. De non presentarse ningunha o acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

Así mesmo, faise público que o Concello Pleno na mesma sesión acordou incoar expediente expropiatorio dos bens e dereitos afectados pola execución das obras do devandito anexo ao proxecto. Segundo o disposto no artigo 18 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese un período de información pública de 15 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, co obxecto de que os titulares afectados, que figuran na relación que segue, poidan formular as alegacións que consideren oportunas sobre a procedencia da ocupación, disposición dos bens e o seu estado material ou legal, así como achegar cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na relación que se fai pública. O proxecto de referencia atópase á disposición dos interesados nas oficinas da Secretaría Municipal.

Relación de afectados:

Parcela nº: 1.

Titular catastral: José Fernández Pérez.

Titular rexistral: Juan Fernández Martínez.

Domicilio: A Rochela, 28, A Devesa, Ribadeo.

DNI: 33684901-K.

Polígono: 2.

Parcela: 74.

Sup. parcela: 3.420 m².

Sup. ocupada: 492 m².

Ribadeo, 12 de xuño de 2008.

Fernando Suárez Barcia
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

Resolución do 4 de xuño de 2008 pola que se nomea persoal laboral fixo para este organismo.

No proceso selectivo para a cobertura de tres postos de persoal laboral fixo convocado por resolución da Dirección Técnica do 30 de maio de 2007 e publicado no DOG nº 125, do 29 de xuño:

-Un/Unha bibliotecario/a grupo I.

-Un/Unha encargado/a de administración grupo III.

-Un/Unha analista programador/a grupo III.

A Presidencia do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia emitiu a seguinte resolución:

Primeiro.-Resolver o concurso-oposición libre para a cobertura da praza de bibliotecario grupo I e en consecuencia nomear a Bárbara González Núñez con DNI 36130476-Y, titular da praza descrita como persoal laboral fixo.

Segundo.-Resolver o concurso-oposición libre para a cobertura da praza de encargada de administración grupo III e en consecuencia nomear a Carmen Balsa Breijo con DNI 32663046-X, titular da praza descrita como persoal laboral fixo.

Terceiro.-Resolver o concurso-oposición libre para a cobertura da praza de analista programador grupo III e en consecuencia nomear a Vicente Piñeiro Vázquez con DNI 32836063-K titular da praza descrita como persoal laboral fixo.

Esta resolución terá efectos desde o día 1 de xuño de 2008.

Cuarto.-Notifíquesele esta resolución aos funcionarios nomeados para que tomen posesión, como máximo, no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2008.

M^a José Alonso Fernández
Presidenta do Consorcio de Bibliotecas
Universitarias de Galicia